

EXPEDIENTE:	2024/00009712Y
PROCEDIMENTO:	Acceso a expedientes administrativos (MO)

ANTECEDENTES

Por Decreto do Concelleiro Delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadá se aproban os prazos para a actualización das tarxetas de paso e parada, para acceso ó casco histórico.

Detectada a existencia dunha omisión na devandita resolución procede a súa modificación co fin de incluír nas tarxetas de paso e parada correspondentes ós titulares ou alugueiros de inmobles do casco histórico o límite máximo de tarxetas por domicilio que poden concederse, así como esixir como requisito ós propietarios dos citados inmobles a acreditación da titularidade.

Por outra banda, procede incluír tamén o réxime especial das tarxetas de paso e parada dos titulares das casillas da praza de abastos, que xa conta cun réxime específico aprobado en canto ás tarxetas de paso e parada para os titulares de restaurantes e outros locais de hostalaría.

En consecuencia, procede subsanar o acordo adoptado incluíndo estas cuestións, quedando redactado coma segue:

ANTECEDENTES

Todos os vehículos que accedan ó casco histórico por calquera causa, agás que realicen funcións de carga e descarga, nos horarios establecidos para dita finalidade, terán que atoparse debidamente autorizados.

Dentro das modalidades de autorización, nos atopamos coas tarxetas de residentes e de paso e parada, con catro modalidades: titulares ou alugueiros de inmobles no casco histórico, titulares de establecementos mercantís, por razóns familiares e réxime especial dos propietarios de casillas da praza de Abastos.

Os distintivos de paso e parada que permiten o acceso ó casco histórico teñen unha vixencia de dous anos, polo que transcorrido este prazo caducan e é preciso renovaos.

En consecuencia, tódolos distintivos concedidos no ano 2022 e anteriores estarían caducados ou a piques de caducar este ano.

Co fin de regularizar a situación das autorizacións de paso e parada e actualizar a base de datos da aplicación que xestiona os accesos, dende a Concellería de Mobilidade e Seguridade se estima debería realizarse a renovación destes distintivos de xeito sistemático.

Na actualidade xa están a actualizarse de oficio, os distintivos de residentes, polo que procede tamén realizar a mesma tramitación cos distintivos de paso e parada; poren, neste caso, necesitamos que os interesados o soliciten, pois non pode supervisarse cos datos do padrón de habitantes, como no suposto dos residentes.

CONSIDERACIÓNS

A normativa aplicable a este tipo de autorización de paso e parada se contén no artigo 35 da Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública.

A tarxeta de autorización de paso e parada da dereito a entrar no casco histórico durante un tempo limitado que non poderá exceder de 20 minutos.

A entrada ó casco histórico farase exclusivamente a través das portas de acceso situadas nas rúas que se especifican no distintivo, controladas mediante bolardos electrónicos ou por cámaras lectoras de matriculas

Os vehículos destinados profesionalmente á carga e descarga de mercadorías farano nas zonas e nos horarios establecidos.

A autorización obtérase logo da presentación da solicitude por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro ou a través da sede electrónica do Concello, aportando debidamente cuberto o modelo MO025, que poderá solicitarse no Rexistro Xeral, no suposto de presentación presencial ou descárgalo da sede electrónica do concello, no trámite tarxetas de acceso ó casco histórico.

Os solicitantes destas autorización deberán cumprir as condicións que de seguido se detallan, aportando a documentación que se relaciona, para cada unha das modalidades deste tipo de distintivos:

Tarxetas de paso e parada.- Modalidades:

1.- Titulares ou alugueiros de inmobles do casco histórico.

Estes distintivos concederanse a persoas residentes en inmobles do casco histórico con independencia do seu empadramento co fin de habilitar o acceso e parada no ámbito.

As solicitudes incluírán:

- Modelo MO025

- Fotocopia do documento de identidade, tarxeta de residencia en caso de persoas estranxeiras, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade de quen solicita.
- Fotocopia do contrato de aluguer e, no suposto de propietarios non residentes no ámbito, presentarse declaración responsable de que o inmovible non se atopa alugado e acreditación da titularidade do mesmo.
- Permiso de circulación a nome do solicitante do distintivo.

O número máximo de distintivos de paso e parada por domicilio será de tres.

2. Titulares de establecementos mercantís

Concederanse estes distintivos de paso e parada por razóns comerciais ás persoas titulares de establecementos abertos ao publico na área do casco histórico para ata dous vehículos dos ditos establecementos, xa sexan da entidade mercantil ou dos socios partícipes destas.

A documentación necesaria será a seguinte:

- Modelo MO025 - Fotocopia do documento de identidade, tarxeta de residencia en caso de persoas estranxeiras, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade de quen solicita.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo, a nome do solicitante, no conste unha MMA inferior a 3.500 kg.
- Licenza de apertura e documento no que se constate a existencia da actividade (recibo de auga, luz, gas, etc)

3. Por razóns familiares

Estes distintivos habilitan o acceso á zona monumental de familiares e persoas coidadoras de residentes no casco histórico que sexan dependentes.

Soamente concederáse unha autorización por persoa dependente e vehículo e como máximo tres distintivos por domicilio.

Para a súa concesión deberá achegarse a seguinte documentación:

- Modelo MO025
- Fotocopia do documento de identidade, tarxeta de residencia en caso de persoas estranxeiras, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade de quen solicita.
- Para as persoas familiares de residentes: fotocopia do libro de familia ou, se é o caso, declaración responsable do familiar coidador.

- Para outros coidadores: contrato de traballo ou declaración xurada da persoa residente que acredite a relación de dependencia ou asistencia.
- Fotocopia do permiso de circulación a nome da solicitante.
- Documentación acreditativa de que a persoa que reside na zona afectada necesita axuda de terceiras persoas por padecer algún tipo de discapacidade (informe médico etc.).

As persoas titulares destas autorización estarán obrigadas a notificar ó Concello o cambio de vehículo ou calquera modificación que se estivese a producir nas condicións que, no seu momento, serviron de base para a súa concesión.

A solicitude de renovación presentarase entre o 15 de marzo e o 30 de abril. Transcorrido este prazo, non se admitirán máis solicitudes de renovación de tarxetas, agás aqueles que caduquen en data posterior a dita data límite.

4.- Réxime especial dos titulares de casillas na praza de Abastos.

Estes distintivos habilitan o acceso á zona monumental os titulares das casillas da praza de Abastos, para ata dous vehículos.

Para a súa concesión deberá achegarse a seguinte documentación:

- Modelo MO025
- Fotocopia do documento de identidade, tarxeta de residencia en caso de persoas estranxeiras, pasaporte ou documento análogo con validez recoñecida que acredite a personalidade de quen solicita.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo, a nome do solicitante, titular da casilla, ou dalgún parente en primeiro grao de consanguinidade, cuestión que deberá ser acreditada.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o decreto de Alcaldía de 17 de xuño de 2023 polo que se nomean as Concellarías delegadas, e o acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2023, de delegación de competencias, RESOLVO:

Establecer un prazo excepcional para a presentación de solicitudes de renovación de tarxetas ou distintivos de paso e parada para acceso ó casco histórico, que houberan caducado, dende o 15 de marzo ó 30 de abril deste ano 2024, nas condicións e co cumprimento dos requisitos que se establecen na resolución; advertindo ós cidadáns que transcorrido dito prazo, non se admitirán máis solicitudes de renovación destes distintivos caducados.

O prazo de vixencia dos distintivos e de dous anos, polo que todos aqueles concedidos no ano 2022 e anteriores, xa caducaron ou caducarán ó longo deste ano 2024.